

SUPOSTO FINAL

Exercicio nº1: A titora sospeita dun posible caso de dislexia nun alumno escolarizado en 4º de EP. Indique sinais de alerta para valorar a derivación á XDO? De confirmarse, cales serían as posibles probas que poderíamos utilizar para a realización do informe psicopedagóxico? Como especialista en PT que orientacións pode ofrecer ao profesorado para unha avaliación adaptada ante un caso de dificultades de aprendizaxe?

A dislexia, segundo o DSM-V, é un patrón de dificultades de aprendizaxe que se caracteriza por problemas co recoñecemento de palabras en forma precisa ou fluída, deletrear mal e pouca capacidades ortográfica segundo o protocolo de dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe (2020).

Entre os sinais de alerta que aparecen mencionados en dito protocolo aparecen:

- Erros fonolóxicos na linguaxe oral (confundir palabras de distinto tamaño, non recoñecer silabas auditivamente, non discriminar sons).
- Cambiar a orde das sílabas.
- Dificultades en denominar. Cores, formas, letras,...
- Dificultades para aprender secuencias. Días, meses,...
- Dificultade en aprendizaxes cotiás. rimas, cancións,...
- Dificultade para actividades manuais (motricidade fina).
- Dificultade para nomear.
- Déficits e reaccións comportamentais (negativismo, queixas).

Ante as sospeitas destes indicadores a XDO podería realizar unha avaliación psicopedagóxica (Orde 08/09/2021) no que se avalíen:

- a) Alumna ou alumno: datos de identificación, datos físicos e de saúde, desenvolvemento persoal e social, historia escolar, NCC, grao de adquisición das competencias, potencial de aprendizaxe, intereses e grao de motivación, preferencias de aprendizaxe e NE...
- b) Contexto escolar: aspectos do PE, da organización do centro, da liña metodolóxica e da intervención educativa que inciden no desenvolvemento da alumna/o; relacións que establece cos profesionais que os atenden e coas súas compañeiras/os, tanto na aula como no ámbito xeral do centro docente.
- c) Contexto socio-familiar: características da familia e do seu entorno social; aspectos que inflúen na situación actual da alumna/o; expectativas da familia, grao de cooperación co centro docente; posibilidades de colaboración da propia familia; recursos socioculturais do contorno que utiliza ou aos que podería acceder.

Ditos resultados serán recollidos no seu respectivo INF. PP.; nel deberán constar, da forma máis completa posible a situación evolutiva e educativa do alumno/a, a concreción e valoración do tipo de NEAE que presenta, as orientacións e as propostas organizativas e curriculares, as axudas e recursos necesarios, o procedemento para a revisión e actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Aparecerán recollidos:

- Datos persoais.
- Datos da demanda e motivo da avaliación.
- Desenvolvemento xeral da alumna ou do alumno.
- Aspectos relevantes dos procesos de E/A.
- Identificación, de ser o caso, da NEAE da alumna ou do alumno.

- Proposta de recursos e medidas de atención á diversidade.
- Orientacións para a intervención educativa.
- Procedemento para o seguimento e/ou revisión do informe.

E en canto a probas específicas segundo recolle dito protocolo estarían:

1. Escolar: REC (6-12a): Permite identificar como o alumnado accede ao coñecemento, como manexa e transmite a información e como a aplica.
2. Psicomotricidade: Test motores de Lincoln-Oseretsky (4-16a): Avalía destrezas motora fina e grosa, incluíndo os seguintes aspectos: lateralidade, equilibrio estático e dinámico, movementos coordinados
3. Cognición: WISC: avalían a intelixencia comparando o rendemento individual co rendemento medio dun grupo de referencia., ou o test de matrices progresivas de Raven, ...
4. PPB: CSAT-R (6-11a): Informa sobre os índices da capacidade de atención sostida e do estilo de resposta,
5. Razoamento: BPR (9-18a). Permite a avaliación da capacidade de razoamento
6. Funcións executivas: BRIEF (5-18a). proporciona puntuacións en distintos índices e escalas relacionados coas funcións executivas.
7. Linguaxe: PEABODY: Detecta dificultades na linguaxe e avalía a aptitude
8. verbal e o vocabulario.
9. Instrumentais: PROLEC (EP): Avalía os procesos que interveñen na comprensión.
10. Socioemocional: BAS (6-19a) con catro escalas de aspectos facilitadores (liderado, xovialidade, sensibilidade social e respecto-autocontrol)
11. Neuropsicolóxicas: NEPSY (3-16a). Aporta información sobre trastornos infantís típicos, como: TDAH, trastorno da lectura, etc.

En canto a como adaptar a avaliación do ensino-aprendizaxe dun alumno/a con dislexia, en primeiro lugar, debemos garantir una avaliación obxectiva e que sexa continua, global e formativa. E para iso teremos en conta as seguintes recomendacións recollidas en dito protocolo, como:

- Asegurar que entenden as instrucións e valorar a idea de utilizar apoios visuais.
- Usar avaliación oral en lugar da escrita.
- Utilizar preguntas de SI/NON, V/F, resposta curta, etc.
- Facilitar con antelación a información necesaria, por exemplo ler a proba antes ou dar tarefas en monodoses.
- Probas de avaliación grupal.
- Dar máis tempo, tipoloxía da proba, espazos e resaltar palabras clave.
- Corrixir individualmente.
- Permitir o uso das TIC, por exemplo para as redaccións, ou o uso de esquemas.
- Valorar máis a calidade dos exercicios que a cantidade. Manter o nivel de esixencia con respecto ao resto, o que debemos adaptar son os procedementos.
- Valorar o esforzo. E evitar connotacións negativas nas correccións.

Exercicio nº2: No segundo trimestre do curso, a titora de 3º de EP solicita asesoramento á mestra de PT para dar unha resposta educativa adecuada a Mateo, alumno que presenta TDAH xunto cun trastorno negativista-desafiante. Desenvolva medidas e accións para organizar a resposta educativa de Mateo a nivel centro e aula. Posteriormente, a titora e a mestra de PT entrevístanse coa nai do alumno, cales serían as orientacións metodolóxicas para dita reunión?

Segundo o Protocolo de consenso sobre o TDAH (2014) define este como "un patrón persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que comeza a manifestarse ao longo da infancia e que inflúe negativamente no funcionamento e desenvolvemento das nenas, os nenos e dos adolescentes afectados".

Por outra banda, o CIE-10 destaca como as principais características do trastorno negativista-desafiante por unha serie de situacións caracterizadas por unha falta evidente de cooperación, desafío e comportamento hostil cara a todo aquilo que indique autoridade.

O D. 229/11 concibe a diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos e sempre baixo os principios de normalización e inclusión.

Para dar resposta as necesidades asociadas a problemas de comportamento, a nivel centro establécense medidas organizativas. O D. 8/15 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, regula o PdC. Este Plan é o documento no cal se articula a convivencia escolar que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflito e na súa resolución pacífica.

As normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais (LOMLOE, 124).

Dentro do PdC inclúense unha serie de medidas para a mellora da convivencia como aulas de convivencia inclusiva, mediación escolar, escola de nais e pais, protocolos de actuación, programas do DO para a adquisición de competencias sociais, espazos de reflexión, tamén colaboración con entidades e campañas de sensibilización.

Respecto a os aspectos para mellorar a convivencia, o D. 229/11, art. 4 establece principios de actuación como a promoción de convivencia, as accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario e priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.

Neste mesmo Decreto, art. 8 consideran medidas ordinarias, entre outras eran metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais (TEI), aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión, ademais de aulas de convivencia inclusiva, programas de habilidades sociais e adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Por outra banda, o devandito protocolo sobre TDAH (2014) especifica a importancia de escolarizar dito alumnado en aulas ordinarias aplicando algunhas das medidas anteriores, ademais recalca a importancia de sensibilizar ao profesorado e a comunidade educativas, así como reforzar as canles de coordinación entre o profesorado e a familia coa idea de unificar criterios e de cooperar con distintos servizos externos como podería ser a asociación INGADA sobre TDAH.

As medidas curriculares a nivel centro atópanse recollidas no seu PE e CC, facendo referencia e aclarando aspectos sobre: metodoloxías baseadas en agrupamentos flexibles, traballo cooperativo, implicación do alumnado nas actividades, acordar a maneira de traballar os temas transversais e priorizar o tratamento dalgúns deles como a educación moral e cívica. Ademais de analizar se os contidos de carácter actitudinal posúen igual peso que os de carácter conceptual e/ou procedimental, posta en marcha de habilidades sociais, programas de motivación e autoestima. E incidindo no traballo por competencias, en especial, CCL e CSC.

As medidas organizativas a nivel de aula estarán baseadas nos aspectos recollidos a nivel de centro e concretados nas diferentes programacións do profesorado respecto á organización da súa aula, por exemplo: distribución mobiliaria da aula adecuada, atmosfera tranquila e consistente, que poidan recibir unha atención individualizada, pero permitindo o traballo grupal; valorar un tipo de clase máis tradicional, co fin de reducir as distraccións, por exemplo cunha decoración máis austera. Por outra banda, precisase dun profesor/a firme, pero flexible e que saiba dar marcha atrás. A localización da aula debe ser nas primeiras filas preto do profesor/a entre dous nenos máis tranquilos, eliminar elementos distractores e innecesarios que só conte co imprescindible para realizar a tarefa e usar cronómetros para a xestión do tempo.

A nivel aula tamén se establecen medidas curriculares referidas a técnicas de dinámica de grupo, participación de todo o alumnado, traballo cooperativo, cunha metodoloxía funcional, significativa e interactiva. Tamén permitir o desenvolver asembleas entre profesores e estudante; e, dependendo das idades do alumnado, aplicar sociogramas para crear un clima favorable na aula. Desenvolver actividades de acollida e coñecemento do grupo-clase (as cales poden quedar establecidas no PAT do centro). A orde e a organización das sesións de traballo debe basearse en rutinas, listas, planificación e autosupervisión, xa que necesitan traballar estruturadamente. Hai que distribuír adecuadamente o tempo (establecer unha orde de prioridades e organizar o tempo, por exemplo plantexar o uso de cronómetros) e establecer un número reducido de normas claramente consensuadas, coñecidas por todos/as e lembrando con regularidade con chamadas e "recordatorios". Por outra banda, o mencionado Protocolo tamén recolle: alternar actividades teóricas con traballo práctico, segmentar actividades, utilizar estratexias expositivas como: frases claras, apoios visuais, conceptos clave, implicalos nas preguntas, etc.

Por último, en canto as orientacións metodolóxicas ca familia debemos de coordinarnos o equipo docente a través do titor/a para asesorar a familia axeitadamente e unir esforzos e un mesmo criterio de intervención co seu fillo, polo que sería importante acordar aspectos como:

- É moi importante que as persoas adultas que conviven na casa teñan o mesmo criterio á hora de educar e que sexan modelo de conduta reflexiva.
- A familia debe apoiar os distintos profesionais (profesorado, persoal orientador, persoal médico etc.) cos que se relacionan as nenas e os nenos con TDAH e debe haber unidade nela mesma, polo que é imprescindible unha boa coordinación pola súa parte entre os diferentes axentes.
- Unhas óptimas Normas de convivencia familiar. Poñer normas e límites para a totalidade da familia é o primeiro paso para desenvolver unha disciplina positiva.
- Dar formación sobre a MDC e as Consecuencias positivas e/ou negativas das condutas. Tanto as consecuencias que se derivan dunha conduta positiva coma dunha negativa deben ser proporcionadas e inmediatas á conduta, para que sexan efectivas..
- Dar pautas sobre como poden axudar e dar autonomía ao seu fillo para a realización de tarefas. E da importancia de participar en actividades complementarias, en especial, nas que sexan de tipo colectivo coa idea de favorecer as súas relacións cos demais.
- Traballar o desenvolvemento emocional entre todos os membros do núcleo familiar; á vez que adquiren estratexias de comunicación e diálogo.
- Asesorar e informar sobre diferentes asociacións e facilitar o contacto coas mesmas.

Exercicio nº 3: Vostede atópase realizando unha intervención específica e ao remate da mesma, e de súpeto un alumno encontra unha carta de despedida dun alumno. Cal sería a súa actuación ante esta situación? Que estratexias debería aplicar o centro para atender esta problemática?

Ante a aparición dunha carta de despedida, podes suponer que un alumno ante unha situación de intento autolítico. Nestes casos os estudantes vense dominados por dous pensamentos: A desesperanza porque sempre van seguir sufrindo igual, e a crenza de que a súa perda será fácil de superar para os seus familiares e seres queridos xa que vivirán mellor sen eles (Protocolo de intervención risco suicida, 2018).

En todo caso priorizaranse as actuacións urxentes e coordinadas sobre os trámites burocráticos. Así, por exemplo, cando os compañeiros dun/ha alumno/a lle entreguen a un/ha docente unha carta de despedida dun compañeiro, ou sinais de alarma nas redes sociais, este/a docente debe comunicalo inmediatamente ao docente titor, ao/á orientador/a e ao equipo directivo, que deben tomar as medidas urxentes de comunicarllo á familia, para que o/a alumno/a asista con urxencia ao servizo de saúde mental, que emitirá o seu informe, do que a familia debe presentar unha copia no centro educativo.

Nos casos de intento autolítico, os/as docentes titores/as, o/a orientador/a do centro e o equipo directivo son as persoas de referencia para calquera actuación. A intervención realizarase con sensibilidade, confidencialidade e rapidez.

O equipo directivo debe comunicar a tentativa de suicidio, á familia, a Inspección Educativa e poñerse en contacto co 061 ou 112, segundo o establecido no Protocolo de Atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica, para que sexan os profesionais do servizo de emerxencias os que valoren a gravidade da situación e os recursos que cómpre mobilizar.

De xeito simultáneo o centro educativo poñerá en marcha, entre outras, as estratexias que se mencionan a continuación, comunicándoo á Inspección Educativa e solicitando, se o estima necesario, a colaboración do Equipo de Orientación Específico que, con carácter urxente, promoverá as actuacións interdisciplinarias necesarias. Entre as estratexias de intervención para desenvolver de xeito contextualizado e coordinado estarían seguintes:

- Manter unha vixilancia e supervisión continua. Seguindo as instrucións dos servizos de saúde mental no tocante ao apoio e seguimento.
- Limitar o acceso a medios lesivos.
- Metodoloxía que favoreza o éxito escolar.
- Amosar empatía e comprensión por parte do profesorado.
- Persoas mediadoras que actúen como referente para o alumno.
- Traballar a intelixencia emocional a nivel centro e aula.
- Grupo de apoio entre iguais.
- Autorizar as saídas temporais en ambientes de tensión (supervisado).
- Sentirse incluído no grupo-aula.
- Consensuar normas e evitar confrontacións.
- Axenda escolar con aspectos positivos.
- Evitar recriminacións en público.
- Superar a baixa tolerancia e frustración.
- Realizar entrevistas frecuentes entre a familia, docentes e orientador/a coa intención de unificar criterios (centro-familia).
- Posibilidade de cambio aula ou centro educativo.

Exercicio nº 4: Nun IES está escolarizado un alumno que utilizou unha conta de TikTok para burlarse dunha compañeira, subindo vídeos denigrantes e comentarios despectivos ao longo do primeiro e segundo trimestre.

- a) Cal sería a problemáticas que está afectando á mencionada alumna?**
- b) Citar como está contemplada a intervención cos ambos estudantes e a súa familia ante esta problemática segundo recolle a Consellería de Educación, Universidade e FP nun proceso de corrección conciliado?**
- c) Enumere estratexias de prevención que se poden desenvolver no centro ante esta problemática e desenvolva algunha das mesmas.**

Os IES son centros que imparten unha ou varias etapas de educación secundaria; como poden ser : ESO, bacharelato ou FP (segundo o Decreto 324/1996).

O acoso escolar segundo a Lei 4/2011 é calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno/a por outro/a ou outros/ as, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluíndo o illamento social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Por outra banda, a LOMLOE no artigo 121 sobre o PE, establece que este documento recollerá, como novidade, a estratexia dixital do centro, a cal debe facer referencia a bo uso das TIC e a eliminación das situación de risco polo uso destas por unha inadecuada utilización, en especial, ás situacións de violencia na rede.

Neste caso, ao usar unha conta de TikTok, consiste no uso das redes sociais, correo electrónico, blogues e outros ámbitos das TIC en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública. O ciberacoso supón o uso de información lesiva ou difamatoria en formato electrónico, tal e como establece o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso (2015).

b) Segundo o D. 8/2015 que regula a convivencia en Galicia; o acoso escolar é unha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. E a corrección destas require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

A petición de desculpas por parte da alumna/s ou do alumno/s será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro. Ademais, a LOMLOE tamén inclúe a figura dun coordinador/a de benestar e protección, que debe designarse en tódolos centros educativos.

A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- Contribuír ao proceso de conciliación.
- Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

c) O mencionado protocolo establece que ante situacións de ciberacoso os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar o alumnado e como aconsellar as familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

Profesorado e centro

Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar o alumnado e as familias.

Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora etc.).

Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder etc.).

Empregar sistemas de control e filtrado (facen revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento, filtrar e bloquear páxinas, contados ou programas non desexados etc.).

Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos.

Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas.

Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas.

Alumnado

Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). En concreto, algunhas recomendacións habituais son:

Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen.

Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede.

Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios etc.; tampouco datos persoais de terceiras persoas.

Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgũa web.

Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.

Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando temas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.

Consellos para non tolerar o acoso: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

Familias

Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade dos seus fillos ou das súas fillas, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduros ou maduras.

Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben.

Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.

Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza doutros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla; é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.

Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.

Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.

Resulta moi beneficioso manter un contacto entre o profesorado-familia para comunicar calquera síntoma de acoso que se detecte no alumnado e tomar medidas canto antes.

Exercicio nº 5: Alumno de 11 anos con síndrome de Sotos, escolarizado en 4º de EP. Defina síndrome de Sotos. Como especialista que apoia dentro e fóra da aula ordinaria, indique as prioridades que atendería segundo a súa AC para adecuar a resposta educativa para o mellor desenvolvemento integral do alumno.

É unha enfermidade xenética caracterizada por un crecemento intrauterino ou postnatal excesivo que a miúdo se acompaña de atraso no desenvolvemento motor, cognitivo e social. As persoas afectadas pola Síndrome de Soutos (SS) teñen unha serie de trazos morfolóxicos comúns: macrocefalia, fronte prominente e bombeada, liña do cabelo alta, hipertelorismo, ...Teñen as mans e os pés grandes, presentan unha idade ósea avanzada e unha dentición temperá. Son hipotónicos (o babeo prolongado e a respiración pola boca poden ser debido á hipotonía), con atraso psicomotor e discapacidade intelectual.

Na Orde 8/9/2021, entendese por ADAPTACIÓNS CURRICULARES (AC) como una das medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan aos elementos prescritivos do currículo, van dirixidas ao alumnado con NEE e, excepcionalmente, ao restante alumnado con NEAE. Para a adopción desta medida será necesario que no INF PP resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda a máis idónea para atender as NE dunha alumna/o e despois da aplicación doutras MAD.

Realizaranse na EP e na ESO, sen prexuízo das adaptacións que se requiran para a flexibilización da duración do período de escolarización.

Suporán a modificación, ampliación, redución ou supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

Axustaranse ao NCC, ao seu desenvolvemento e potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. Partirase do currículo de referencia (o do ciclo ou nivel no que estea matriculado), para chegar ao currículo adaptado (o que se conforma a AC que se vai desenvolver no ciclo/curso).

Ante un caso de Síndrome de Sotos para garantir un óptimo desenvolvemento integral daría prioridade na súa AC a aspectos como:

1. Percibir, interiorizar e identificar o coñecemento do propio corpo, o dos outros e do mundo que lle rodea.
2. Construír unha imaxe positiva e axustada de si mesmo.
3. Incidir nas capacidades sensorio-perceptivas.
4. Iniciar estratexias de comunicación funcional para o seu entorno valorando a aplicación dun posible SAAC.
5. Elevar a súa autonomía nas diferentes rutinas e actividades da vida diaria.
6. Establecer vínculos positivos coas persoas do seu entorno máis próximo.
7. Desenvolver as súas habilidades adaptativas sociais e regular o seu comportamento dun xeito positivo.
8. Coñecer e participar nalgunhas das manifestacións culturais da súa contorna.
9. Iniciarse na lecto-escritura ou prerrequisitivos previos e no uso das TIC.
10. Valorar o xogo como medio de relación social e para satisfacer o seu tempo libre e de lecer.

Exercicio nº 6: Alumna desprazada dende Ucraína. Cite lexislación e iniciativas encamiñadas para o desenvolvemento social e emocional de dita alumna.

A Orde 8/9/2021 no art. 67 recolle que O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con NEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun GAL e/ou nun GACC se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

Segundo a Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína: Os centros docentes terán en consideración as especiais circunstancias nas que se escolariza o alumnado desprazado polo conflito de Ucraína de cara a favorecer o seu desenvolvemento social e emocional.

Para o deseño e execución das diferentes iniciativas encamiñadas a favorecer o desenvolvemento social e emocional do alumnado contarase coa implicación dos departamentos de orientación dos centros, e de ser o caso, co asesoramento dos equipos de orientación específicos territoriais.

Así, os centros, a través do departamento de orientación e do equipo directivo, manterán coordinación constante cos servizos sociais, de xeito que se garanta unha atención integral, eficiente e coordinada ás necesidades das familias desprazadas no seo comunitario e a través de accións de equidade e inclusión social. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 94 da Orde do 8 de setembro de 2021 ao respecto do desenvolvemento emocional os centros docentes deseñarán iniciativas destinadas a favorecer a mellora do benestar emocional deste alumnado, con especial atención á creación de contornos inclusivos, seguros e respectuosos coa súa identidade e arraigo cultural tomando como punto de partida o Plan de Benestar Emocional.

Actividades de benestar emocional:

- Establecer un momento de reflexión na xornada escolar, expresións de emocións e compartir pensamentos.
- Fomentar o diálogo e benestar emocional.
- Traballar as emocións de xeito lúdico.
- Fomentar a autoestima e autoconcepto positivo
- Actividades de relaxación e respiración (volta á calma)...

CONCLUSIÓN E BIBLIOGRAFÍA